

GUÍA PRÁCTICA DO ESTUDANTADO

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

**RESPOSTAS A PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A
NORMATIVA DE PERMANENCIA DA USC NOS ESTUDOS DE
GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO**
**(Esta normativa non entrará en vigor ata a súa aprobación
polo Consello Social)**

1. Que clase de matrícula ofrece a USC?

Na USC podes matriculararte a tempo completo e a tempo parcial.

2. Cantos créditos ten a matrícula a tempo completo?

O primeiro curso dos estudos de grao e máster a tempo completo é de 60 créditos, excepto cando o curso completo comprenda un número inferior de créditos.

3. Cantos créditos ten a matrícula a tempo parcial?

A matrícula a tempo parcial será de 30 créditos e as condicións estableceranse na convocatoria de matrícula.

4. Quen pode matricularse a tempo parcial?

Poden matricularse a tempo parcial

- o estudiantado que compaxine estudos e traballo,
- aqueles persoas que pola concorrencia dunha causa de discapacidade non poidan asumir un número superior de créditos
- e aquelas persoas que se encontren nunha situación persoal que aconselle este tipo de matrícula.

**5. Que ten que fazer o estudiantado que queira optar pola
matrícula a tempo parcial?**

Deberá presentar o contrato de traballo acompañado da última nómina, o certificado de discapacidade expedido polo órgano competente ou xustificante que acredeite suficientemente a concorrencia dunha situación excepcional.

**6. O estudiantado que se matriculou na USC en primeiro curso
por vez primeira, cantos créditos ten que superar para
poder matricularse na mesma titulación no seguinte curso
académico?**

No primeiro curso terá que superar cando menos unha materia obligatoria.

7. Que ocorre se no primeiro curso non se supera polo menos unha materia obligatoria? Pode o estudiante matricularse de novo?

Si, pode volver a matricularse de novo na mesma titulación no curso seguinte, pero nese novo curso deberá superar un mínimo de 30 créditos obligatorios no caso da matrícula a tempo completo e de 15 créditos na matrícula a tempo parcial.

8. Se no ano en que se matricula por segunda vez do primeiro curso non supera os 30 créditos obligatorios esixidos, pode matricularse de novo na mesma titulación?

Se non supera os 30 créditos obligatorios non pode matricularse de novo na mesma titulación durante os próximos catro anos, pero poderá matricularse noutra titulación da USC ou na mesma unha vez transcorridos os catro anos citados.

9. Cantas convocatorias ten o estudantado de grao?

O alumnado de grao ten catro convocatorias con dúas oportunidades de avaliación por convocatoria, o que en total supón oito oportunidades de avaliación.

10. A cantas convocatorias se ten dereito nun curso académico?

En cada curso académico pódese consumir unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación.

11. O estudantado ten sempre que ser cualificado polo profesorado que desenvolve a docencia?

Cando o estudantado se encontre na cuarta convocatoria despois de ter concorrido ás tres convocatorias anteriores, poderá solicitar ser cualificado por un tribunal.

12. Como se esgotan ou consomen as convocatorias?

Tendo en conta que no sistema do EEEES (Espazo Europeo de Educación Superior) a avaliación é continua, dependendo da asistencia e participación nas aulas, dos traballos realizados, das prácticas, etc., e non unicamente das probas finais, as convocatorias enténdense esgotadas áinda que o estudantado non se someta ao sistema final de avaliación.

13. Que cualificación ten o estudiantado que non se presenta ás probas finais?

No caso de non presentarse á proba final, a cualificación será a de “suspenso”, agás no caso de que a materia poida superarse atendendo ao realizado nas outras probas ou actividades, se así o permite a programación docente da materia.

14. Pódese renunciar á convocatoria?

Pode renunciarse á convocatoria sempre que concorra algunha causa de forza maior. Neste caso a solicitude de anulación da convocatoria será dirixida á Reitoría, que a autorizará ou denegará de forma motivada.

15. O estudiantado con materias pendentes de cursos anteriores como ten que formalizar a matrícula?

Cando unha persoa ten materias pendentes de cursos anteriores, ten sempre que matricularse das materias pendentes e despois das materias dos cursos máis avanzados, sempre que non superen o límite máximo de 75 créditos.

16. Pode o estudiantado matricularse do último curso con materias pendentes de cursos anteriores?

Unha persoa non pode matricularse do último curso con materias pendentes do primeiro, salvo situacóns excepcionais debidamente autorizadas.

17. Cando se pode formalizar a matrícula do traballo de fin de grao?

A matrícula do traballo de fin de grao pódese formalizar sempre que se teñan superados un mínimo de 150 créditos ou do número de créditos que se determine no Plan de estudos da titulación. Entre estos créditos deberán encontrarse os contidos na primeira metade da titulación. As circunstancias excepcionais estarán previstas por resolución reitoral.

18. Cando se pode defender o traballo de fin de grao?

O traballo de fin de grao pódese defender unha vez formalizada a matrícula, pero non se entenderá superado ata que se superen todas as demais materias do grao.

19. Quantas convocatorias por curso académico xera o traballo de fin de grao?

O traballo de fin de grao dá dereito a unha convocatoria por curso académico, podendo o estudantado elixir presentarse en xuño ou setembro. Tamén poderá presentarse o traballo en febreiro cando sexa a única materia que resta para finalizar os estudos ou ben coincida coa data de finalización deses estudos.

RESPOSTAS A PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A NORMATIVA DE AVALIACIÓN DO RENDIMENTO ACADÉMICO DO ESTUDANTADO E DE REVISIÓN DE CUALIFICACIÓNS NA USC

1. Que é a programación docente ou guía docente?

A programación ou guía docente establece para cada materia as liñas xerais de desenvolvemento dela e o profesorado encargado de impartila.

2. Que contido mínimo debe figurar na programación ou guía docente?

Deberá especificar:

- Profesorado encargado da docencia indicando a persoa coordinadora cando son varios os que a imparten.
- Descritores da materia no plan de estudos
- Número de créditos expositivos, interactivos, de laboratorio, etc.
- Obxectivos da materia
- Programa da parte teórica e práctica
 - Desenvolvemento do temario (con indicación, de ser posible, do tempo previsto para cada tema) especificando a docencia non presencial
 - Criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos a presentar coas posibles datas de entrega de ser o caso, controis periódicos, etc.)
- Bibliografía recomendada actualizada

3. Que dereitos ten o estudantado respecto das datas dos exames?

Debe coñecer con antelación suficiente tanto as datas dos exames como os criterios de avaliación.

4. Poden coincidir as datas dos exames dentro dun mesmo curso?

As probas oficiais de carácter global dun mesmo curso non poden coincidir en día e hora; debe o centro evitar que se realicen cunha diferenza inferior a 24 horas.

5. Que pode facer o alumnado cando coinciden en día e hora dúas probas oficiais globais de diferentes cursos?

O alumnado poderá solicitar ao profesorado, e en todo o caso ao centro, que se facilite a realización das dúas probas.

6. Cando se fan públicos os horarios, as datas das probas oficiais globais e as programacións docentes?

Deberán publicarse antes de 30 de maio ou, en todo o caso, antes do prazo establecido para o inicio da matrícula do curso académico.

7. Os criterios e sistemas de avaliación deberán ser públicos?

O alumnado ten dereito a coñecer os criterios e os sistemas de avaliación das materias, que deberán figurar en todo o caso na programación ou guía docente.

8. O sistema e criterios de avaliación deberán ser os mesmos para todas as oportunidades de avaliación?

O sistema e criterios de avaliación serán determinados polo profesorado e aprobados polo Consello de Departamento. No caso de que exista diferenza entre as distintas oportunidades de avaliación, a programación ou guía docente terá que recoller os sistemas e criterios previstos para cada unha delas, incluíndo o sistema e criterios especiais para persoas repetidoras, se existen.

9. Como se valorará a asistencia a clase?

Dependo do previsto na programación ou guía docente da materia a asistencia a clase valorarase

- como un factor máis na avaliación continua
- como unha porcentaxe da nota global final
- como un requisito para superar a materia, debendo neste caso estar expresamente contemplado na programación ou guía docente

10. A falla de asistencia ás clases pode ser valorada negativamente?

A falla de asistencia á clase non poderá puntuarse negativamente, aínda que pode impedir a superación da materia tal e como se prevé no apartado anterior.

11. Poden xustificarse as faltas de asistencia a clase evitando os resultados negativos?

As faltas de asistencia poderán xustificarse nos seguintes supostos:

- A realización dun exame oficial ou proba selectiva na Administración pública, xustificada polo órgano avaliador
- A asistencia a órganos colexiados en representación dun colectivo, acreditado mediante a presentación da convocatoria
- O ingreso nun centro hospitalario ou consulta programada acreditado a través do xustificante do centro
- A enfermidade que impida a presenza física no centro, debidamente acreditada
- A folga ou paro académico colectivo
 - A enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata o 2.º grao debidamente acreditado
- O cumprimento dun deber público debidamente xustificado
 - Calquera outra causa de forza maior a xuízo do Decanato nos estudos de grao ou da persoa coordinadora nos estudos de máster

12. Poderá o profesorado esixir determinadas actividades para a superación das materias?

Cando o profesorado esixa a realización de determinadas actividades (prácticas, seminarios, traballos...) para a superación da materia, deberá precisalo necesariamente na programación ou guía docente. Tamén deberá precisar se a non realización destas actividades impide tamén a superación da materia nas oportunidades de recuperación.

13. Poden conservarse determinadas actividades para os seguintes cursos?

Estas actividades poderán conservarse sempre que exista conformidade entre o profesorado responsable en cada un dos cursos.

14. Como se acordan as datas e lugar de realización das probas oficiais?

Estas datas son acordadas polas xuntas de facultade ou órgano en quen delegue, coa participación da representación do estudiantado nestes órganos.

15. Como se fixan as probas oficiais orais?

As probas orais oficiais establecéas a xunta de facultade ou órgano en quen delegue da mesma forma e coa mesma publicidade que as probas escritas.

16. Como deben realizarse as probas oficiais orais?

Para a realización destas probas o profesorado deberá convocar aquel estudiantado que previsiblemente poida examinarse cada día.

17. Onde se realizarán esta probas oficiais orais?

As probas oficiais orais realizaranse na aula ou despacho que determine o profesorado e deberán ser públicas.

18. Que profesorado será o encargado de realizar as probas oficiais orais?

Cando as probas orais sexan as únicas probas da avaliación previstas na programación ou guía docente, deberán realizarse por un tribunal composto cando menos por dous profesores da materia, que deberá ser aprobado polo departamento.

19. Poden modificarse as datas de realización das probas oficiais?

Estas datas só poderán modificarse por causas excepcionais e haberá que dar ás novas datas suficiente publicidade.

20. ¿Que profesorado ten que encargarse da avaliación?

A avaliación ordinaria realizaraa o profesorado encargado da materia conforme aos criterios establecidos na programación ou guía docente.

21. O estudiantado membro de órganos colexiados que, por razón de asistencia ás reunións, non poida concorrer ás probas programadas, ten dereito a que se lle fixe unha data distinta ás establecidas?

O alumnado nesta situación poderá solicitar que se lle fixe un día e hora diferentes.

22. Cando pode coñecer o estudiantado as cualificacións das probas parciais ou finais?

Ten dereito a coñecer os resultados da avaliación nun tempo razonable, que salvo casos excepcionais non poderá ser superior a 15 días.

21. Pode o profesorado destruír as probas oficiais?

O profesorado deberá conservar o material referente ás probas oficiais ata a finalización do curso académico seguinte.

23. Como teñen que publicarse as datas para a revisión?

As datas para a revisión das cualificacións deberán estar comprendidas nos dez días seguintes á publicación dos resultados, e o prazo para a revisión será cando menos de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación dos

resultados. O horario establecido para a revisión será alternativo en quendas de mañá e de tarde.

24. Que persoas poden concorrer á revisión das cualificacións?

A revisión realizarase persoalmente polo alumnado, de forma individual ou colectiva, dependendo do tipo de proba por revisar.

25. Como pode reclamar o estudiantado contra a avaliación dada polo profesorado?

O estudiantado, despois de firmar a revisión da cualificación para que quede constancia de que revisaron a súa cualificación ante o profesorado encargado da materia, pode presentar unha reclamación motivada dirixida ao decanato ou dirección do centro.

26. En que prazo hai que presentar a reclamación contra a avaliación?

O prazo para presentar a reclamación é de 10 días hábiles dende que tivo lugar a revisión.

27. Cando pode rexeitarse a reclamación?

Cando careza absolutamente de motivación. O estudiantado poderá recorrer ante a Reitoría o rexeitamento da reclamación.

28. Quen resolve a reclamación?

A reclamación presentada será resolta por unha comisión nomeada pola decana/o de centro, da cal non poderá formar parte o profesorado responsable da cualificación.

29. Que competencias ten a comisión de reclamación?

Unha vez revisada a proba, a comisión poderá ratificar a cualificación, modificala outorgando a que corresponda ou adoptar as medidas necesarias para a realización dunha nova proba cando os elementos para a avaliación non sexan suficientes ou os criterios aplicados non se axusten aos establecidos na programación ou guía docente.

30. Quen comunica a decisión da comisión?

A decisión será notificada por unha resolución do decano/a.

31. Que pode facer o estudiantado ante a decisión da comisión, reflectida na resolución do decano/a?

Poderá reclamar ante a Reitoría, nun prazo dun mes que se contará dende a notificación da resolución.

32. Que dereitos ten o estudiantado dos másteres respecto da reclamación das avaliaciós?

Ten tamén dereito de revisión e de reclamación contra a avaliação outorgada polo profesorado, que se concretará ante a comisión académica no prazo de 10 días hábiles dende a revisión. As funcións que nos apartados anteriores correspondía ao decano/a corresponden nos másteres aos coordinadores/as. Contra as súas resolucións caben tamén recursos ante a Reitoría.

33. Que alumnado ten dereito ao apoio titorial extraordinario?

O estudiantado con materias pendentes que non superen os 18 créditos, e teñan esgotadas cando menos 2 convocatorias en cada unha delas. No caso de plans de estudos vellos non adaptados a créditos, o número máximo de materias pendentes será de tres.

Tamén poderá solicitar este apoio titorial extraordinario o estudiantado que teña pendente só unha materia, aínda que non teña esgotada ningunha convocatoria.

34. Pode acollerse ao apoio titorial extraordinario o estudiantado matriculado en materias sen docencia?

Estas persoas tamén teñen dereito ao apoio titorial extraordinario desas materias.

35. Nos estudos en proceso de extinción, que profesorado é o encargado de avaliar os exames das materias sen docencia?

Os exames das materias sen docencia serán avaliados polo profesorado que levou a cabo a docencia no curso anterior ou quien determine o departamento.

36. Que criterios de avaliação e que programa rexen nas probas das materias sen docencia?

Os criterios de avaliação serán os determinados no último curso con docencia e o programa será o que se desenvolveu nese curso.

37. Nas titulacións en extinción, cando as materias estean extinguídas procede sempre a transformación aos estudos de grao?

Sempre que exista equivalencia entre as materias, nos supostos de adaptación obligatoria por estar as materias extinguidas, poderá autorizarse que o estudiante realice ata un máximo de tres materias ou 18 créditos nos estudos de grao, que despois serán imputadas ao plans en extinción recoñecéndolle a cualificación outorgada.

38. Que consecuencias ten para o estudiantado a realización fraudulenta de exercicios ou probas?

Neste caso a cualificación será a de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra a persoa.

39. Que tipo de traballos teñen a consideración de fraudulentos?

Considérase fraudulenta a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación, ou sen citas de autoría ou fontes.

RESPOSTAS A PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A NORMATIVA QUE REGULA UNHA OPORTUNIDADE DE RECUPERACIÓN PARA OS PLANS DE ESTUDO EN PROCESO DE EXTINCIÓN

1. Cantas convocatorias ten o estudiantado dos plans de estudos en proceso de extinción matriculado en materias sen docencia?

Este estudiantado dispón de catro convocatorias con seis oportunidades de exame a partir da extinción da docencia da materia.

2. As catro convocatorias das materias sen docencia nos plans de estudos en proceso de extinción compútanse a maiores das convocatorias consumidas con anterioridade?

O estudiantado, cando se extinga a docencia, dispón de catro convocatorias con seis oportunidades de exame, sempre que non esgotasen o máximo número de convocatorias.

3. Poderá acollerse a esta regulación o alumnado que teña todas as convocatorias consumidas durante o período de docencia da materia?

Cando o estudiante consumise todas as convocatorias de exame durante o período de docencia da materia, non poderá acollerse a esta regulación.

4. Cantas oportunidades de exame xeran as convocatorias ordinarias de febreiro, xuño, xullo ou setembro?

As convocatorias de febreiro e xuño xeran unha soa oportunidade de exame; a convocatoria de xullo -para as titulacións co calendario adaptado ao EEES- ou a convocatoria de setembro -para as non adaptadas- xeran dúas oportunidades de exame, considerándose a segunda como unha oportunidade de recuperación.

5. Que estudantado pode presentarse á oportunidade de recuperación?

Pode presentarse a esta oportunidade o estudantado suspenso na convocatoria de setembro, ou de xullo para as titulación con calendario adaptado ao EEES, en materias sen docencia das titulacións en proceso de extinción.

Excepcionalmente para o curso 2010-11 tamén poderá acudir a esta oportunidade de recuperación o estudantado que non se presentou nas oportunidades de xullo ou setembro.

6. Cando terá lugar a oportunidade de recuperación das convocatorias de xullo ou setembro?

A oportunidade de recuperación celebrarase nas datas fixadas polo centro coa suficiente publicidade, procurando que non coincida coas datas das convocatorias ordinarias, non podendo realizarse mais alá do mes de decembro.

7. Como se imputa a cualificación da oportunidade de recuperación?

A cualificación da oportunidade de recuperación imputarase á última convocatoria consumida.

8. Que profesorado avaliará o estudantado que se presente nesta oportunidade de recuperación?

O profesorado será o mesmo que realizou a avaliação na última oportunidade ou convocatoria, aínda que en casos excepcionais o departamento poderá nomear outro profesorado previa comunicación á Secretaría Xeral.

9. Que criterios rexen a avaliação desta oportunidade de recuperación?

Os criterios de avaliación serán os mesmos que rexían no último curso con docencia.

10. Que ocorre se unha vez realizada a última oportunidade de recuperación a persoa non supera a materia?

Neste caso a persoa deberá proceder á adaptación obligatoria ao grao, agás que estea na situación de cursar tres materias ou 18 créditos conforme aos estudos de grao para que despois se imputen á licenciatura, tal e como prevé o art. 13 da *Normativa de avaliação do rendemento académico do estudantado e de revisión de cualificacións*.

11. Que ocorre unha vez realizada a oportunidade de recuperación?

Neste caso o estudantado poderá modificar a súa matrícula conforme lle interese, incluso realizando a adaptación ao grao ou eliminando a adaptación ao grao, de tela feita.

Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2011